

### ACTA MESA CONTRATACION

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DO CLUB DE LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL ISIDRO NOVO. EXPTE REF. 2024-C003-000025. Apertura de documentación administrativa e técnica.**

Sendo as 9:15 horas do día 29 de agosto de 2024 no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por dona Ana Tabarés Martínez, Técnica do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Lugo e actuando como vocais:

- don Luis Ramón Vázquez Parga, Interventor do Excmo. Concello de Lugo
- don Manuel Louzao Aldariz, titular de Asesoría Xurídica.
- dona María Teresa Pena, responsable a biblioteca Municipal.

E actuando como Secretaria, dona Eva Díaz López, técnica do servizo de Contratación e Patrimonio.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte da Secretaria da mesa para dar conta aos seus membros da listaxe de licitadores que presentaron oferta de forma telemática a través da plataforma Electrónica LECOL do Concello de Lugo:

- ANTIA YÁÑEZ RODRIGUEZ

Que previamente procédese á comprobación da documentación relativa aos arquivos correspondente ao DEUC así como o Anexo I que e correcta polo que a Mesa acorda admitir á dita licitación á dita licitadora. A continuación procedese á apertura das ofertas técnicas acordando a súa remisión á responsable da Biblioteca para o seu informe.

**O que se lle notifica aos licitadores con indicación de que contra a decisión da Mesa de Contratación de admisión de licitadores poderán interpoñer os seguintes recursos:**

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 9:30 horas.

A PRESIDENTA, (sinatura dixital)  
Ana Tabarés Martínez

A SECRETARIA, (sinatura dixital)  
Eva Díaz López